




a cicatriz
branca



un filme de
Margarita Ledo Andión

a cicatriz
branca



Ao chegarmos a porto, dúas señoras da igrexa católica fixéronse responsábeis de nós, das rapazas que viñamos soas. E dos nosos papeis. Para non ter que pasar o control de emigrantes, dixeron. A casa onde sirvo é boa. Hai dous rapaces. Agardo estea ben, avoa. Non deixe de comer...
(Merce)


Na primeira metade do século XX, milleiros de mulleres saíron soas de Galicia cara a América. Moitas delas eran ilegais, con papeis que falsificaban a súa idade e mesmo a súa identidade. Historias ordinarias como a de Merce, destinada a servir e, entre lusco e fusco, despedida. Sen lugar onde ir nin a quen acudir, Merce pasa tres días e tres noites encrequenada na Estación Constitución onde a súa vida entrenza coa de outras migrantes. Á par dun traballo na fábrica Mil8, Merce casa, asiste a clases de contabilidade nalgunha das Sociedades Galegas mais un bo día a norma esnaquiza por algo tan simple como prendarse dunha situación que aínda non é quen de nomear.



a cicatriz
branca

Ficha técnica

Título orixinal	A cicatriz branca
Título internacional	White Scar
Xénero	Ficción
Ano	2012
País	España. Arxentina
Productoras	Nós, Productora Cinematográfica Galega Haddock Films CRTVG
Duración	92'
Idioma	Galego
Formato de gravación	XDCAM HD 422
Aspect ratio	1.85:1
Localizacións	Galiza, Bos Aires





a cicatriz
branca



Unha rapaza coas súas pernas enganchadas do bam-bam dun trapecio agarra coas mans os pés doutra rapaza suspendida no bango que, pola súa vez, ten que prender as súas mans coas dunha terceira que se acanea no trapecio da beira contraria. Todas elas saben que non hai rede. A rapaza suspendida no bango pecha os ollos xusto no intre en que o seu corpo tenso e vai ao encontro doutro corpo. Esta é a alegoría dunha historia sobre as mulleres que emigraron soas.

Pensada como unha película que establece un ligame cun feito social central no século vinte, a emigración, neste caso como experiencia diversa dun dos grupos máis fráxeis e só parcialmente visíbel, as mulleres, *A cicatriz branca* é un relato en espiral que vai cara as sensacións que o cho-

que con determinados lugares e situacións vai labrando no interior das personaxes, ate unha nova visión de ti propia-outra.

A partir do real documental [relatos de mulleres, estudos sociolóxicos, representacións na literatura e noutras modalidades creativas] o filme adóptase como personaxe masculina a Antón Moreda, o protagonista de carne e oso da novela da autoría de Margarita Ledo, que contou cunha axuda do Ministerio de Cultura, 1987, e que se publicou co título *Porta Blindada* (Xerais, Vigo, 1990).

Para alén desta viaxe da escrita á imaxe, dos materiais de non ficción a unha obra de ficción, da ausencia da fala ate a fala como construtora do desexo, o filme recupera como escenarios determinados “lugares” da emigración nos que algo pasou.

Dentro dos parámetros de cinema patrimonial, na aposta pola posta en escena da consigna feminista “o persoal é político”, e pensada “cinema de baixo orzamento”, *A cicatriz branca* ten como un dos seus albos a posta en valor das relacións duns elementos con outros –imaxes, xestos, ton, espazos, música, luz, sons– e coa experiencia da construción do filme tal un lugar de empatía entre as personaxes e unha equipa, polo xeral de persoas novas, que se expresan a medida que o traballo se materializa e fai parte dunha obra que, como toda obra, é un palimpsesto.



a cicatriz
branca



Dende comén do século vinte as mulleres galegas que emigraban soas eran acollidas en Bos Aires polas Carmelitas Terciarias, as “Hijas de María” ou pola “Sociedad Protectora de la Joven Sirvienta”. Necesidade, abandono, agresións sexuais, nais solteiras... como causa, máis unha cidade distante e burlona, onde a meirande parte delas pasaron a ter a condición de “mucamas”, de “criadas de camadentro”. Está é a paisaxe de fondo para *A cicatriz branca*.

Representadas no imaxinario como cadelíñas fieis, traballadoras e analfabetas; case sempre como túzaras, atravesadas e agarradas; como ocorrentes e chocalleiras na serie radiofónica e cinematográfica “Cándida”; como obxecto de desexo, por veces, o “síndrome da galega” identifícase por certas fobias, unha culpabilidade

marcada, o medo ao ridículo e o pánico a estar na boca dos outros, o temor a ser xulgada.

Cunha única imaxe na cabeza, a dos seus abrazados no peirao; cun queixo, unha bola de pan, un cobertor e, se cadra, unha máquina de coser, o seu fardel –de agardala alguén– completábase con seis camisas de lenzo ou azafrán en rama para os que a viñan recoller.

Adoito na travesía facía a súa aparición unha doenza, primeiro síntoma da perda e dun proceso de estrañamento que aparentemente concluía ao incorporarse aos bailes e convivios da Sociedade que agrupaba aos da súa parroquia. Chegar a casar, polo xeral “a cegas”, era a fin natural ate o punto de que o club lucense, ou o asturiano, funcionan como as dúas grandes axencias matrimoniais.

Tal vez os momentos máis significativos para as migracións femininas sexan os anos vinte/trinta, coa guerra civil e o exilio como inflexión, e os anos do peronismo, cando a emigrante accede á categoría de obreira industrial e se mira no espello de Evita.

As personaxes que traman a historia de *A cicatriz branca* teñen orixes absolutamente dispares, en certa maneira son ao mesmo tempo todas as emigrantes. Están acó e aló; pertencen a aquela época e tamén inzan o presente; por veces o imaxinario é o que sobranceia ao pé dunha estraña capacidade para recoñecer/resistir a perda entremetres se desenvolve unha viaxe interior que, coma toda viaxe, muda o seu comportamento e canda el as súas querenzas.

a cicatriz
branca

Ficha técnico-artística

Guión e dirección	Margarita Ledo Andión
Dirección de fotografía	Pablo Cayuela Miguel
Son	David Machado Sebastián Sonzogni Xoan Escudero
Edición	Ramiro Ledo Cordeiro
Música	Abe Rábade
Elenco	Eva Veiga Xabier Deive Lino Braxe Tamar Novas Margarita Fernández Mónica Camaño Xoana Pintos Clotilde Iglesias Néstor Ageitos Darío Ageitos
Colaboración especial	Manuel Sánchez Salorio Carmen Valiño de Arias
Producción executiva	Margarita Ledo Andión Vanessa Ragone
Dirección de produción	Katrin Pors Carolina Urbietta
Coord. produción	Silvia Roca
1º Axudante de dirección	Ozo
Dirección de Arte	Bernardo Tejeda
Xefa de Arte	Andrea Benítez
Preparación actoral	Carlos Neira
Posproducción de son	Cinemar Films
Posproducción de imaxe	Deluxe Madrid
Consultoría de Son	Dolby
Créditos	Uqui/cebra, sic-lab.net



a cicatriz
branca





a cicatriz
branca



a cicatriz
branca

Margarita Ledo Andión. Biofilmografía

Poeta e escritora, da súa novela *Porta Blindada* (Edicións Xerais, Vigo, 1990) sae a personaxe masculina central do filme 'A cicatriz branca'; investigadora e autora de obras sobre cinema autoral como *Cine de fotógrafos* (Gustavo Gili, Barcelona, 2005), Premio Espais d'Art Contemporani; cineasta experimental en 'Illa' (2009) ou en 'Cienfuegos, 1913' (2009); axitadora política e feminista, fai dialogar todo o que na historia ficou sen desenvolver nos seus documentarios 'Santa Liberdade' (Galiza/Brasil/Venezuela, 2004) e en 'Liste, pronunciado Líster' (Galiza, 2005), para desenvolver proxectos académicos en torno ás pequenas cinematografías, as políticas da diversidade e os novos modos de consumo cultural. É catedrática de Comunicación Audiovisual da USC, numeraria da Real Academia Galega, preside e co-preside diferentes asociacións científicas locais e internacionais no eido das ciencias da comunicación, e coñeceu o exilio durante a ditadura franquista.





NÓS, PRODUTORA
CINEMATOGRAFICA GALEGA S.L.

Rúa da Estrada 71, 2 A.

15702. Santiago de Compostela

email: acicatrizbranca@gmail.com

contacto: Silvia Roca _ coordinadora de produción

Tel: +34 696 233 642